


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

4 – 5 de setembro do 2021

XXIII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 n° 4 *Amigos nas penas e na festa amigos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración da nosa fe. Reunímonos para compartir a Xesús e o seu xeito de vivir dando unha man en comunidade; facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A fe necesariamente faise crible en comportamentos e actitudes. Recórdanolo hoxe a carta de Santiago, e neses feitos está a razón da presenza dos cristiáns no medio do mundo.

Só desde o amor, sincero e solidario, podemos mostrar a razón que nos leva a que sigamos querendo facer realidade o evanxeo.

Nel, cóntasenos hoxe que Xesús realiza a curación dun xordomudo, pero faino non por ser poderoso, senón porque así dá sentido, forza, alento e esperanza á vida dos que fomos creados a súa semellanza.

Participemos de maneira activa e gozosa na celebración que agora comeza, e que só poderá ser vida se nos abrimos a compartir ledicias e dificultades para poñelas, coas dos demais, nas mans de Deus.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A vida de Xesús demóstranos que vale a pena compartir con todas as persoas. Pero non sempre poñemos o mellor da nosa parte, por iso hoxe, antes de máis nada, queremos pedir perdón:*

Monitor/a:

- **Líbranos da tentación de crermos en posesión da verdade absoluta, que nos impide escoitar a quen pensa distinto. Señor téndenos a túa man**
- **Líbranos da insensibilidade de termos un corazón de pedra, que non se compadeza da dor e do sufrimento dos demais. Cristo téndenos a túa man**
- **Líbranos da utilización dos irmáns e irmás para o noso propio proveito, facendo distincións entre as persoas segundo nos sexan ou non de utilidade. Señor téndenos a túa man**

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. Teña tamén misericordia e agarimo con todas as persoas que están enfermas e coas que se adican aos seus coidados. A todos nos conceda o Señor o seu perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Busquemos, no silencio, o encontro con Deus e presentémoslle as nosas mellores intencións para esta comunidade na que vivimos a fe, e dun xeito especial queremos ser hoxe a voz das perdoas marxinadas e necesitadas de vida.*

(silenzio)

Celebrante:

Deus santo, que nos redimiches e nos adoptaches coma fillos e fillas, mira con bondade a esta túa familia, á que tanto amas, e fai que cantos cremos na Palabra do teu Fillo, academos a liberdade e a paz que non ten remate.

Pedímoscho a Ti, Pai, por Xesucristo teu fillo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a:


Vivir a fe é facela visible nos nosos comportamentos e actitudes de vida cada día. E iso soamente o podemos mostrar desde o amor sincero e solidario cara as persoas que sofren ou son rexeitadas na nosa sociedade. Escoitámolo agora na Palabra de Deus.

LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO SANTIAGO

Meus irmáns, a fe que temos no noso Señor Xesús Cristo, o glorioso, non cadra ben con certos distingos entre persoas. Entra na vosa asemblea -é un supoñer- un home cun anel de ouro, vestido con moita galanura, e entra tamén un pobre vestido con farrapos; se vos fixades no que vai ben vestido, e lle dicides: "ti acomódate ben aquí", e ao pobre "ti queda de pé aí", ou "senta no chan aos meus pés", non estades facendo distincións entre vós mesmos, converténdoos en xuíces de criterios inícuos?

Escoitádeme ben, meus irmáns queridiños: seica non escolleu Deus os pobres deste mundo para seren ricos na fe e herdeiros do Reino que Deus prometeu aos que o aman?

Palabra do Señor



(en pé) Leccionario II B páx 242 Mc 7, 31-37 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, Xesús, deixando Tiro, veu dar por Sidón ao mar de Galilea, atravesando a Decápolis. Presentáronlle un xordomudo, e suplicáronlle que lle impuxese as mans. Xesús, separándoo da xente, meteulle os dedos nas orellas, e tocoulle a lingua con cuspe.

Logo, erguendo os ollos ao ceo, suspirou e dixo:
- Effatá (ou sexa: "ábrete").

E no instante abríronselle os oídos, e falaba perfectamente.

Logo prohibiulles contalo a ninguén; pero canto máis llelo prohibía, máis o espallaban. E a xente, totalmente abraiada, comentaba:

- ¡Que ben o fai todo! Fai que os xordos oían e que os mudos falen.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

De Xesús din: “Que ben o fai todo”

Nós dicímolos:
das nais e dos pais que se esforzan por educar aos seus fillos dende a casa dende os valores do esforzo e o respecto.

De Xesús din: “Que ben o fai todo”

Nós dicímolos:
dos veciños e veciñas que se senten orgullosas destas terras e que seguen a poñer todo da súa parte para que estas terras nosas sexan valoradas como se merecen.

De Xesús din: “Que ben o fai todo”

Nós dicímolos:
dos homes e mulleres crentes que con agarimo nos dan exemplo dunha fe ben vivida, crible e merecente de confianza.



De Xesús podemos dicir:
¡Que ben o fai todo!

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial no que renovamos os nosos compromisos con Xesús, queremos coma El medrar día a día sendo vida para todos, especialmente para quen máis sofre, cerca ou lonxe de nós. proclamemos:

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a:

***Credes en Deus Pai,
que a súa imaxe e semellanza,
nos convida a sermos testemuñas
de que amar e dar unha man, vale a pena?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes en Xesús,
o seu fillo benquerido,
que pasou pola vida facendo sempre o ben,
e sen facer distincións?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes no Espírito Santo,
que nos alenta como comunidade e igrexa
para sermos exemplo de evanxeo feito vida
no medio das persoas enfermas, marxinas
e inxustamente tratadas?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Alentados porque sabemos que camiñas connosco, rezamos agora como parroquia e comprometémonos a abrir os nosos oídos á túa Palabra, por iso dicimos:*

ÉNCHENOS SEÑOR COA TÚA VIDA

Monitor/a:

- ✓ Pola nosa parroquia e por todas as comunidades parroquiais, para que traballemos sempre pola igualdade e a fraternidade, coma esixencia do noso sermos cristiáns, recemos
- ✓ Para que camiñemos sen facer distincións entre as persoas nin polo seu poder económico e social, nin por ser home ou muller, recemos
- ✓ Para que a Igrexa non dea as costas aos problemas do noso tempo e da nosa xente, recemos
- ✓ Rezamos cos pobos que sofren e nos que non se respectan os dereitos e as liberdades, como Afganistán, recemos
- ✓ Rezamos agradecidos con esta vida que estamos compartindo, nela queremos ser sementes de tolerancia, respecto, e igualdade, recemos

Celebrante: *Señor, atende a nosa voz, non nos deixes da túa man, pois sen ti non temos a quen ir para encher as nosas vidas de evanxeo, ti que vives e reinas inmortal e glorioso por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Entremos no corazón do Deus que é Pai, e deixémonos encher do seu amor sereno e cheo de tenrura, e con Xesús estando á beira dos homes e mulleres que sofren, recemos dicindo:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Hoxe temos moito que mellorar porque demasiadas veces facemos realidade os distincións dos que nos fala a carta de Santiago. Medimos ás persoas polo que teñen, e canto máis teñen máis importan. Que lonxe isto do que nos propón Xesús. Sexamos cribles na paz, no respecto, na tolerancia. Sexámolo.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Xesús reúnenos arredor da mesa da Eucaristía para que o descubramos no pan compartido cos irmáns. Participar nela é comprometerse con Deus a estar a beira dos seus fillos e fillas que sofren.*

Ditosos nós que hoxe somos convidados a esta mesa do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

 **nº 50 Na tardiña baixa da vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, coa túa Palabra e co Pan da Vida, nutres e dás vida a cantos cremos en Ti.

Que estes dons nos sirvan de proveito, de xeito que nos contaxiemos do vivir do teu Fillo.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Que deamos unha resposta libre e responsable á nosa fe, preocupándonos polas persoas que sofren.

En Xesús atopemos o exemplo de acollida e de preocupación polo que verdadeiramente importa: a dignidade de cada muller e cada home.

Que agradezamos ao Pai o testemuño de tantas boas persoas que se preocupan e saben estar con que sofre enfermidade, soidade, desprezo... e aprendamos a imitar os seus exemplos.

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.

Avísase das misas (ver folla do mes).



“Trátase de que exista IGUALDADE”
Palabras de hoxe na carta de Santiago



Nós temos que ser e dar exemplo